



ser lingua non é fácil



Introdución

Ser lingua non é fácil e isto serve non só para a realidade galega. Linguas que hoxe son ensinadas nas nosas Escolas de Idiomas tiveron momentos críticos na súa historia.

Non os tivesen superado e hoxe non serían o que son.

Foi o que se pasou en **Portugal**, na **Inglaterra** ou na **Italia**. Ás veces, é algunha das súas variedades a que sofre unha situación diglósica, é o caso do **español en Porto Rico**, o **francés no Quebeque**, o **alemán na Alsacia** e o **holandés na Flandres**.

Como veremos nas historias que aparecen a seguir, existen varios condicionamentos sociais que poden provocar que unha comunidade perda a súa lingua:

- **Que as súas elites económicas e sociais falen unha lingua diferente por ser esta de mais prestixio.**
- **Carecer de Estado propio e estar inserido nun que priorize unha lingua "común" diferente da falada pola comunidade.**
- **Que a comunidade non teña soberanía sobre as políticas linguísticas que a afectan.**
- **Que a comunidade sexa bilingüe porque, se non mudaren os condicionantes sociais, o paso seguinte é o monolingüismo na lingua mais forte.**
- **Que a comunidade non teña consciencia da súa identidade.**
- **Que a comunidade viva inserida culturalmente noutra.**
- **Que se perda a transmisión lingüística dos pais para os fillos.**
- **Que se perda a comunicación con falantes da mesma comunidade linguística noutros estados.**

